

Camos e Camões: sobre a oriunde miñora do príncipe das letras portuguesas

AGOSTIÑO NIETO PAZÓ


Ao comezo dun artigo publicado en 1953 no Faro de Vigo e titulado *Los Camoens de Pontevedra*, Enrique Fernández Villamil manifestaba a súa disposición para tratar “dos problemas que andan mesturados na fundamentalísima cuestión da oriunde do gran portugués que escribiu *Os Lusíadas*”. A esa ‘fundamentalísima’ cuestión –sobre todo no que atinxe á relación entre o apelido do vulto das letras portuguesas e a parroquia miñora de Camos– imos tentar achegarnos nas liñas que seguen.

Con todas as reservas coas que cómpre considerar os datos biográficos de Luís Vaz de Camões, a día de hoxe parece xeralmente admitido que o ascendente máis remoto do poeta ao que se pode chegar sen dúbidas é o fidalgo galego Vasco Pires (ou Pérez) de Camoens. Como xa afirmara a principios do século XVII o autor portugués Manuel Severim de Faria, “o primeiro da familia de Camões que passou a Portugal Foi Vasco Pires de Camões, em tempo del-rei Dom Fernando”. Este fidalgo aparece tamén mencionado na *Crónica del rei D. João I de Fernão Lopes* nos seguintes termos: “A Rainha estava em sua câmara e donas algumas assentadas no estrado; e o conde de Barcelos, seu irmão, e o conde D. Álvaro Pérez e Fernand’ Afonso de Çamora e Vaasco Pérez de Caamões [...]”. Trátase dun personaxe histórico bastante ben coñecido e documentado que ademais tamén foi poeta, aínda que infelizmente non se conserve ningún texto da súa autoría. Del ocupáremonos un pouco máis adiante pois é a clave do arco que ten un salmer no Val Miñor e o outro no poeta renacentista portugués; se aceptamos que se trata do tataravó do autor dos *Lusíadas*, daquela quedará resolta definitivamente a cuestión da súa oriunde e a súa vinculación ás terras do Val Miñor.



Luís Vaz de Camões. (Larousse)

A árbore xenealóxica de Luís Vaz de Camões que se pode reconstruír de maneira aceptábel e que establece a liña que o une con Vasco Pérez de Camoens sería a seguinte:



Repárese nas complicacións que ten comportado para os biógrafos o feito de se atoparen, por unha parte, dúas persoas distintas, pai e fillo, co nome de João Vaz, de Vila Franca; por outra parte, dous curmáns co mesmo nome de Simão Vaz, dos que un deles é o pai do poeta. Alén diso, tampouco está nada clara a cuestión matrimonial do Simão Vaz pai de Luís Vaz de Camões. Con todo, as fontes históricas das crónicas da época, así como os estudos dos xenealoxistas portugueses, conceden credibilidade fundamentada e confirman a liña de ascendencia que se acaba de expor.

Desde moi antigo –desde as orixes mesmas da discusión xenealóxica, segundo Fernández Villamil– e durante moito tempo, pensouse que o apelido Camões entroncaba coa liñaxe dos Caamaño de Vilagarcía, considerándoos como dúas ramas da mesma familia. O erro parte da identificación de ambos os apelidos feita por Manuel de Faria e Sousa nos seus comentarios a *Os Lusíadas* (Madrid, 1639). Actualmente, os estudos filolóxicos e históricos máis documentados, tanto en Galiza como en Portugal, rexeitan esa eventualidade por ser manifestamente imposible, tanto por razóns fonéticas, canto porque historicamente aparecen documentos coevos nos que se fala de Camaños, Camoens e Camões; ademais de que, utilizando un criterio xenealóxico minimamente rigoroso, resulta inverosímil que Vasco Pérez de Camoens poida ser fillo de Fernán García de Caamaño, como pretende Wilhelm Storck, especialista alemán na obra de Camões.

Noutra liña argumental próxima á anterior, cómpre dicir que en ocasións ten tomado corpo a especie de que os Camoens tiñan o seu castelo en Corcubión ou preto de Fisterra; así o recolle por exemplo, entre nós, Victoria Armesto en *Galicia Feudal* (Vigo 1969). Esta mesma orixe nas terras de Trastámara é a que se considera na *Enciclopedia Universal Espasa*, X, 1176, onde se pode ler: “Simón Vaz de

Restos do Pazo da Torre de Méndez, en Camos. Un debuxo dos mesmos é o que se reproduce no libro de Filgueira Valverde. (Foto: Á. Bouzó)



Camoens, que serviu como oficial da mariña portuguesa, descendía dunha familia galega que posuía un castelo do seu nome próximo a Fisterra, establecida desde o século XIV en Portugal, a onde tivo que emigrar a consecuencia das loitas civís entre Don Fernando de Portugal e Don Henrique de Trastámara”; segundo cita que atopamos en *La insumisión gallega. Mártires y rebeldes* (Buenos Aires, 1963) de Emilio González López. Fernández Villamil non dubida en cualificar de noticia fantástica a existencia dese suposto Castelo de Camoens situado xunto ao Cabo Fisterra e atribúelle a paternidade da invención a Manuel Severim de Faria, autor duns *Discursos varios políticos* (Évora, 1624), nos que, polo demais, se fala por primeira vez de Vasco Pires de Camões como ascendente de Luís Vaz de Camões. As investigacións do portugués Joaquim da Silveira, recollidas no seu traballo *Sobre o nome ‘Camões’* (1927), dan conta do erro, que se explica por unha confusión entre os topónimos Camos e Caione.

Tanto o adxectivo camoés/camoesa, con valor de orixe ou procedencia, como o apelido Camoens parecen fundamentarse no topónimo Camos, que, como certifica Filgueira Valverde no seu documentadísimo estudo *Camoens* (Santiago de Compostela, 1993), “aparece unicamente, en todo o noroeste peninsular, nunha freguesía e torre feudal do belísimo Val Miñor, entre o Monte Parada, Nigrán e Baiona”. Camoesas vale en galego –e tamén en castelán– para designar as mazás pertencentes a unha variedade de forma aplanada, abondo apreciadas por aromáticas e moi saborosas.

Como nome de lugar, Camos procede do latín *calamos*, acusativo plural de *calamus-i*, que significa cana, mais que tamén designa unha especie de fruta antiga, así como o instrumento feito cunha cana cortada oblicuamente na súa base que se utilizaba antigamente para escribir sobre papiro ou pergamiño. Probabelmente, o topónimo garde relación coa abundancia de canas que aínda se pode observar na zona. Pola súa banda, o apelido Camoens semella ter tamén un valor de orixe ou procedencia. Para as formas ‘camoens’, ‘camoes’ e ‘camúes’ parece que hai que partir dun étimo ‘calamones’, que Filgueira Valverde considera feito sobre a base *calamus* mediante o sufixo *-onis*, con valor colectivo ou de magnitude. Neste punto, convén ter en conta que, contrariamente ao que sostén este autor apoiándose en Joaquim da Silveira, é discutíbel que a etimoloxía do portugués camão e do castelán calamón –nomes cos que se designan certas aves limícolas (*fulica porphyrio*, *gallinula porphyrio*, *porphyrio vetula*) que nos modernos catálogos ornitolóxicos galegos adoitan recibir as deno-

minacións de galiñolas, galiña de río ou mesmo camón–, procedan directamente da forma cálamo, malia o que poida parecer a primeira vista, senón indirectamente a través do árabe *‘abu qalamún* (pano de cores brillantes que se fabricaba en Grecia e en Exipto; certa ave, chamada así pola súa espléndida plumaxe), como propoñen Corominas e Pascual no seu *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*; tanto máis canto que en portugués moderno o camão tamén coñece a variante alqueimão. Mais isto vainos afastando do obxectivo deste artigo, que non é facer un estudo etimolóxico pormenorizado do topónimo e do xentilicio, senón o de tentar chegar algunha información a propósito da probábel orixe miñorá do apelido.

En instrumentos medievais do século XIII pertencentes ao mosteiro de Oia rexístranse as formas Camones, Camunes e Camues, sempre precedidas do haxiotopónimo Santa Eulalia, para designar señoríos que Afonso IX cambia co mosteiro antedito. Santa Eulalia de Camones corresponde coa actual Santalla de Camos e é onde ten a súa orixe a liñaxe dos Camoens galegos e os Camões portugueses, visto que, como asevera Fernández Villamil, en canto ao seu valor patronímico, a palabra Camoens é un indicio de orixe. O mesmo autor infórmanos ademais de que “tivo Camos casa forte e foi niño de fidalguías que perduraron por longos anos, moitos despois de que os Pérez de Camos saíran do solar nativo [...]. Na Casa do nome da parroquia perduraba aínda o apelido familiar Vaz, segundo un documento hoxe no Arquivo Histórico de Pontevedra, no que se recolle a fundación do vínculo que facía no ano 1629 o Capitán, a quen se chama unhas veces Gregorio Vaz e outras veces Gregorio Vázquez Ozores”; estes últimos datos corresponden ao Pazo da Touza.

Referidos a persoas, os primeiros rexistros das formas Camues e Camoes datan tamén do século XIII e trátase dunha ‘María Johannes de Camues, tudensis diocesis’, mencionada nos *Miracula* de Frei Pedro González Telmo (1258), e dun ‘Ferdinandus Ruderici de Camoes’, nun documento de San Xoán de Poio de 1270, segundo noticia recollida polo Padre Sarmiento. Ambos os personaxes orixinarios de Camos.

Pero, sen dúbida, o personaxe que máis nos interesa no desenvolvemento desta cuestión é o miñorán Vasco Pérez de Camoens, devanceiro do máis grande poeta portugués de todos os tempos. Este fidalgo galego pasa a Portugal o ano 1370, ao mesmo tempo que outros moitos nobres galegos que tomaran partido polo rei portugués Fernando I, fronte ao bastardo Henrique de Trastámara, quen accedera ao trono de Castela despois de ter eliminado en Montiel ao seu medio irmán o rei Pedro I –o cruel ou o xusticeiro–. Parece pouco verosímil a versión novelesca de arrecendo romántico que recolle Teodosio Vesteiro Torres en *Galería de Gallegos Ilustres, Poetas de la Edad Media* (Madrid, 1874), onde traza unha biografía de Vasco Pérez de Camoens, a única publicada, segundo a cal este saíra de Galiza por causa dun desafío “lance propio daqueles tempos, que talvez causou o extravío das súas obras” (recollido de Fernández Villamil).

A posición adoptada pola meirande parte da nobreza galega, que claramente se subleva ante as pretensións do Trastámara e proclaman rei de Galiza ao portugués Fernando I, terá graves consecuencias para o futuro do reino, así como para o da lingua e a cultura galegas. O 1 de marzo de 1371 asínase a paz de Alcoutim, en virtude da cal o rei portugués renuncia á coroa de Galiza e deixa o camiño expedito para que Henrique de Trastámara afiance as súas pretensións dinásticas. (Cómpre dicir neste punto que na toma de Galiza por parte de Henrique de Trastámara, unha

das accións fundamentais tivo lugar en Baiona; no Monte do Boi foron derrotadas as mesnadas de Suero Eans e do Conde de Lemos, que se opuña ao usurpador do trono, cos que presumibelmente se atopaba Vasco Pérez). Nesa circunstancia, a saída que lles queda a moitos dos nobres galegos é o camiño do exilio cara a Portugal. En palabras de Emilio González Lópe, “foi unha das grandes expatriacións en masa de xentes representativas de Galiza, dos seus fillos máis distinguidos, que tiveron que abandonar a súa terra por incompatibilidade co Rei de Castela”. En Portugal encontrábanse xa desde pouco tempo antes dous Pérez de Camoens, Vasco –o terceiro avó do autor d’*Os Lusíadas*– e un seu curmán chamado Aires ou Airas, capitán de galera, que atoparía a morte na batalla de Aljubarrota (14 de agosto de 1385) loitando no partido castelán, despois de ter defendido os intereses da súa protectora, D^a Leonor Teles (ou Téllez), fronte ao mestre de Avis na disputa que, á morte de Fernando I, se desata polo trono de Portugal. A desaparición deste Aires Pérez de Camoens en Aljubarrota ten confundido en ocasións a algúns historiadores, que coidaron que fora o outro, Vasco Pérez de Camoens, o que alí morrera.

Os dous curmáns, Vasco e Aires Pérez de Camoens, foran recompensados por Fernando I e a súa muller, Leonor Teles, con señoríos e propiedades; Vasco chegou a exercer de aio de D. Afonso, conde de Barcelos. A súa fidelidade a D^a Leonor Teles e ao favorito da raíña, o nobre galego Xoán Fernández de Andeiro, así como o seu consecuente enfrontamento co mestre de Avis, o futuro rei D. João I, son a causa de que as crónicas portuguesas da época lles dispensen un trato manifestamente hostil e pexorativo.

Na véspera da virxe de agosto de 1385 encontramos aos Pérez de Camoens entre as filas do exército castelán en Aljubarrota; alí, como queda dito, atopa a morte Aires e é feito prisioneiro Vasco. A resultas disto, perderá case todos os seus bens en Portugal, agás as herdades a eles concedidas e denominadas por ese motivo Camoeiras, e, en canto teña ocasión, repatriarase a Galiza, agora xa reconciliado co rei de Castela Xoán I, sucesor de Henrique II. Transcorrido menos dun ano desde a batalla de Aljubarrota, volvémoslo atopar en Galiza ostentando o señorío da vila de Baiona, mercé recibida do rei nas terras das que era orixinario en contra da plenitude xurisdiccional outorgada por Henrique II ao Concello de Baiona. Porén, en agosto de 1386 vese na obriga de entregar a vila sen resistencia ningunha a D. Xoán de Gante, duque de Lancaster, quen desembarcara o día de Santiago no porto da Coruña e viña facendo campaña militar por Galiza coa intención de facer valer os seus dereitos sobre a coroa de Castela, e aos seus aliados portugueses.

A respecto do que se acaba de dicir, segundo consta nun documento conservado no Arquivo Municipal de Baiona e transcrito no artigo de Fernández Villamil citado máis arriba, no ano 1390 o rei “Don Iohán, por la gracia de Dios Rey de Castilla, de León e de Portugal, de Toledo, de Galisia, de Sevilla, de Córdoua, de Murçia, de Iahén, del Algarbe, de Algesira, e señor de Biscaia” accedeu, a petición do “Conçejo de la villa de Baiona de Minor”, a que dita vila “fuese siempre de la Corona Real e non fuese enagenada dela”, dereito que, como xa se dixo, fora recoñecido polo seu pai e antecesor no reino, Henrique II. No entanto, segundo reza no mesmo documento, ignorante desa circunstancia, Xoán I entregáralle a vila a “Vasco Peres de Camos (sic) nuestro vasallo”. Máis adiante, no mesmo documento pódese ler: “por quanto el dicho Vasco Peres non puso tan buena guarda como deuía

en el dicho lugar de Bayona después que gelo Nos dimos, por lo qual, por su culpa, los traydores que son rebledes a nos en los regnos de Portugal tomaron el dicho lugar de Bayona e así el Dicho Vasco Peres perdió qual quier senoryo que pudiera tener del dicho logar”.

Segundo Fernández Villamil, nas Cortes de Madrid de 1391 aínda figura este Vasco Pires; esta noticia ten relevancia pois é a última referencia que se documenta da vida deste personaxe. Así mesmo, tamén ten interese o feito de que o Marqués de Santillana mencione na súa *Carta-prohemio al Condestable D. Pedro de Portugal* (1449) a “Basco Pérez de Camoese, Ferrán Casquiço, e aquel gran enamorado Maças” entre os poetas da decadencia posdionisiaca. Por último, cómpre consignar que no *Cancioneiro de Baena* se atopan unha pregunta e unha resposta en verso dirixidas a un Vasco Lopes de Camões “cavallero de Galiçia” que, presumiblemente, debe ser o mesmo personaxe do que se está a tratar. En calquera caso, infelizmente non conservamos máis que estas citas e alusións oblicuas ao labor poético deste devanceiro do gran épico portugués, das que a máis directa é o seguinte terceto, obra de Sá de Miranda, achegado por Filgueira Valverde:

Ha de enfrear a sua pena
quem quiser ser mais medrado
que Camões e João de Mena.

Resolta de maneira razoabelmente satisfactoria a cuestión da oriundeiz miñorá do gran vate portugués, queda aínda outro problema máis difícil de solucionar, cal é o de tentar atopar o solar patrucial da familia dos Pérez de Camoens. A este respecto, cómpre dicir que cando en xuño do ano 1996 se celebraban en Nigrán unhas xornadas en homenaxe ao poeta portugués –era a segunda vez que isto acontecía nos últimos tempos, pois oito anos antes, en 1988, celebrárase unha primeira edición desta homenaxe miñorá a Luís Vaz de Camões–, unha das actividades do programa consistía en realizar unha visita á Balinfra, presunta casa orixinaria da liñaxe. Os datos nos que se sustenta esa presunción resultan abondo dubidosos e as tentativas de procurar bases sólidas nas que poder apoiar tal eventualidade resultaron polo momento infrutuosas. Doutro xeito, na obra de Filgueira Valverde citada máis arriba aparece unha ilustración que reproduce un debuxo de Portela Paz a cuxo pé se pode ler: “Portalada del ‘Pazo da Torre’, en Camos, Nigrán, solar Pontevedrés de los Camoens”. A ilustración parece corresponder á chamada Torre de Méndez, hoxe en lamentábel estado ruinoso ou a piques de desaparecer, aínda que no texto tampouco se achega ningún argumento ao respecto que xustifique esa elección como a casa soarega da que proceden os Camoens.

En conclusión, corrixidos os erros dos xenealoxistas que confundían Camoens con Caamaños e despexadas outras fantasías que atribuían peregrinas orixes para o apelido dos Camoens, os argumentos lingüísticos e históricos nos que se basea a tese de que Camos foi berce da liñaxe dos Camões parecen bastante sólidos e, a día de hoxe, son aceptados sen moita discusión polos estudosos da vida e obra do poeta portugués, tanto en Galiza como en Portugal. A vinculación de Vasco Pérez de Camões, a quen todos os biógrafos consideran como o primeiro devanceiro coñecido de Luís Vaz de Camões, co Val Miñor está manifestamente probada e resulta

incontestábel. Soamente nos queda, para concluír, expresarmos unha convicción que contén asemade un desexo: o verdadeiro mérito e valor desta circunstancia –a oriundez miñorá de Camões– xustamente se verá se serve de estímulo para que se lle dedique entre nós unha maior atención ao estudo da figura e a obra do grandísimo poeta –non só épico senón tamén lírico– que é autor dos versos cos que queremos pórle o ramo a estas liñas:

Erros meus, má fortuna, amor ardente
em minha perdição se conjuraram:
os erros e a fortuna sobejaram,
que para mim bastava o amor samente.

Tudo passei; mas tenho tão presente
a grande dor das cousas que passaram
que as magoadas iras me ensinaram
a não querer já nunca ser contente.

Errei todo o discurso de meus anos;
dei causa que a Fortuna castigasse
as minhas mal fundadas esperanças.

De amor não vi senão breves enganos.
Oh, quem tanto pudesse que fartasse
este meu duro Génio de vinganças!



A casa de Balintra, presunta casa orixinaria da liñaxe dos Camoens. (Foto: Á Bouzó)

BIBLIOGRAFÍA

- ARMESTO, Victoria: *Galicia feudal*, 2 vols. Galaxia, Vigo, 1969.
- CAMÕES, Luís de: *Doce Canto em Terra Alheia, Antologia da lírica Camoniana*. Selecção, introdução, notas e apêndice: Manuel Ferreiro, Carlos P. Martínez Pereiro e Francisco Salinas Portugal. Laiovento. Santiago de Compostela, 1998.
- CAMÕES, Luís de: *Os Lusíadas*. Edição organizada por Emanuel Paulo Ramos. Porto Editora, Porto 1983.
- CAMÕES, Luís de: *Os Lusíadas de Luís Vaz de Camões*. Comentário ideológico e literário, glossário e onomástico de Augusto Cesar Pires de Lima e Bertino Daciano R.S. Guimarães. Editorial Domingos Barreira, Porto, 1965.
- CAMÕES, Luís de: *Rimas de Luís de Camões*. Prefácio selecção e notas de Álvaro Júlio da Costa Pimpão. Atlântida Editora, Coimbra, 1980.
- CONDETEIRA, M.A. & VIDAL FIGUEROA, T.A.: *Nomes galegos para as aves ibéricas: unha nova proposta*. Actas do I Congreso Galego de Ornitoloxía. Santiago de Compostela, 1989. Universidade de Santiago de Compostela, 1991.
- FERNÁNDEZ VILLAMIL, Enrique: *Los Camoens de Pontevedra*. Dos documentos y un comentario, en "Faro de Vigo", número especial do centenario, 1953.
- FILGUEIRA VALVERDE, José: *Camoens*. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1993.
- GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio: *La insumisión gallega: mártires y rebeldes*, Citania, Buenos Aires, 1963.
- LOPES, Fernão: *Quadros da Crónica de D. João I*. Selecção, prefácio e notas de Rodrigues Lapa. Livraria Sá da Costa Editora, Lisboa 1979.
- LÓPEZ-CHAVES MELÉNDEZ, J.M. & AMOR MORENO, G.E.: *Inventario de Pazos y Torres de la provincia de Pontevedra*, (Volume I: Vigo-Val Miñor). Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, 1988.
- VÁZQUEZ CUESTA, Pilar: "Literatura Gallega" en *Historia de las literaturas hispánicas no castellanas*. Planeada y coordinada por José María Díez Borque. Taurus, Madrid, 1980.